

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LALÍN
Edificio	Igrexa de Santa Baia de Losón.
Dirección	O Lameiro, 7. 36512
	42.745063 -8.208897
Protección	
Descrición	<p>Segundo consta na inscrición situada nun contraforte, esta igrexa comezou a construírse no ano 1165. A igrexa actual foi fundada na segunda metade do século XII, aínda que parece que existiu un templo anterior no recinto do cercano castro. Da súa fábrica románica conserva os capiteis e os canzorros orixinais. Ten unha soa nave con teitume a dúas augas e con tella do país, e a súa ábsida é cuadrangular formando unha “L”. A parede posterior do testeiro forma unha ábsida de ferradura de catro paredes con catro columnas semitóricas que as unen. As paredes laterais están enfoscadas.</p> <p>O arco trunfal está sostido por capiteis florais e posúe unhas ventás en saeteira con dobre arquivolta sobre columnas. A portada é de xamba arquivoltada sen resaltes. A espadana é dobre, dun só corpo cuadrangular, rematado en cruz.</p> <p>O interior presenta presbiterio con peralte central que se perde detrás do retablo. Está presidido por un arco triunfal de arquivoltas cuadrangular, sobre columnas tóricas. Hai outra arquivolta secundaria, que se apoia sobre capiteis que sosteñen outras dúas pequenas arquivoltas semitóricas. A cúpula do presbiterio luce pinturas murais nas que se contempla un ceo branco con estrelas azuis, e dous soles; un vermello cun rostro que o enche, e outro azul, con rostro de perfil que ocupa tan só a metade.</p> <p>No interior da igrexa atópanse varios enterramentos da casa dos Liñares, con estatua orante e pedra de armas. De entre todas elas destaca a de Vasco Taboada de Carrio, xuíz de Terra de Trasdeza no 1586, e en 1590 e 1606 xuíz de Carboeiro. No 1595 figura como procurador de Deza. A súa sepultura atópase no lado do Evanxeo do presbiterio, representado en actitude orante, de xeonllos, e vestido armadura da época. No fronte dispónse unha labra heráldica cuartelada en cruz coas armas dos Taboada de Deza.</p> <p>Outra lápida sinala no adro a tumba inicial do malogrado aviador Joaquín Loriga, da mesma familia.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)

Data

13-01-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Menor</u>	<u>HONTAÑÓN HAZA, PEDRO (1795-1876)</u>	1847	53	86
Espadana	<u>Maior</u>	<u>LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1884	55	96

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Losón. - LALÍN \(GALICIA\)](#)

PDF (30-06-2026)